

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE DECEMBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 27 de decembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Abel Fermin Losada Álvarez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do tranvía da praza do Emigrante" (1.371-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CIVIS GLOBAL, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparación de danos na estrutura, adaptación contra lumes e accesibilidade no edificio do parque central Lavadores (1.340-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 20:21	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA14F-8H55EA-3F3ED4-WAN8ZY-CNRRV8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do tranvía da praza do Emigrante" (1.371-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparación de danos na estrutura, adaptación contra lumes e accesibilidade no edificio do parque central Lavadores (1.340-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 20:21	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA14F-8H55EA-3F3ED4-WAN8ZY-CNRRV8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		